

Ola familias! As tarefas para esta semana son as seguintes...


Luns 18, con motivo da celebración das Letras Galegas onte 17 de maio, dedicadas este ano ao escrito Ricardo Carvalho Calero, imos facer un pequeno traballo referente á súa obra.

Primeiro tedes que desfrutar do vídeo no que a profe Vito vos conta o conto "As pitas baixo a choiva", despois escribiredes nun folio o nome do autor, o título do conto e faredes un debuxo sobre a historia que acabades de escoitar.

Deixamos un enlace con música relacionada co conto que podedes escoitar mentres debuxades.


Martes 19, ides xogar a contar, e para que vexades que fácil é, tedes un vídeo para ver antes de facer a ficha número 24 ¿Cuántas hai de cada clase? do voso libríño de mates. A contar amiguiñ@s!!

Cando rematedes tedes que darlle a volta á páxina e repasar con lapis os números e escribir os que faltan, coma sempre xa sabedes!



Mércores 20, hoxe tócanos a letra B do noso amigo Breogán, imos ver o seu vídeo... Pois así de ben o ides facer vos agora con esta fichiña.

Lembrade que despois de repasar a letra B maiúscula con lapis podedes repasala despois con rotuladores de cores, e tamén a palabra BALLENA, ademais de colorear o debuxo.



Xoves 21, no voso libro tedes que buscar a ficha número 25 ¿Qué objeto no está? Estad ben atentos a ver que cousiñas non aparecen no debuxo para marcalas cun X!

Na mesma folliña por detrás tedes o número 0, tedes que repasalo con lapis.



Venres 22, aproveitando que ides pasear pola natureza, imos propoñervos algo ben chuli... facer o voso museo natural! ¿Que necesidades? Cinta de carroceiro ou cinta adhesiva pegada arredor de dous paos e todos os elementos naturais que se vos ocorran como pedriñas, follas, paos, etc.

Tamén podedes probar a facer unha pulseira coas cousiñas que atopedes. Sacade algunha foto da vosa obra de arte!



Moitas apertas e bicos para a clase dos elefantes! Botámosvos de menos!